

Informe inicial de avaliación das ofertas presentadas no procedemento para a contratación administrativa do servizo para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo do Parlamento de Galicia

Con data de 3 de maio de 2016 a Mesa do Parlamento de Galicia acordou aprobar os pregos e a apertura da fase de adxudicación desta contratación.

O 12 de maio de 2016 foron remitidas as preceptivas invitacións a cinco empresas; rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición catro empresas.

De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 10 de xuño de 2016 se constitúe no Pazo do Parlamento a Comisión negociadora que se encargará de desenvolver a fase de negociación coas empresas licitadoras, formada por:

- F. Javier Freire González, xefe do Servizo de Réxime Interior.
- Alfonso Couso Boán, técnico do Servizo de Réxime Interior.
- José Ramón de la Fuente Rodríguez, administrativo da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

Logo de analizado o contido do sobre A das empresas concorrentes, realizados os trámites oportunos e reparados os erros detectados, e comprobado que todas reunían os requisitos, foron admitidas a seguir no procedemento as catro empresas licitadoras.

Os sobres "B" foron remitidos ao Servizo de Réxime Interior para o seu estudo e avaliación; analizadas as ofertas presentadas e logo da aplicación dos criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, resulta a atribución da puntuación correspondente. A avaliación das ofertas presentadas é a seguinte:

Criterios de adxudicación:

- a.- Descrición da planificación, organización, procedementos e protocolos de actuación, medios, dispoñibilidade de pezas e recambios relativos á prestación obxecto deste contrato que permitan avaliar a calidade do servizo. de 0 a 10 puntos.
- b.- Sistema, procedemento e seguimento da comunicación de incidencias, personalizadas por equipos, precisas e descritivas. Deberá describir o iter procedimental e medios que permitan ao Parlamento facer adecuado seguimento das incidencias, desde a comunicación ata a resolución definitiva. de 0 a 9 puntos.
- c.- Informes técnicos de situación e revisión dos equipos. Avaliarase a información que conterán os informes, que deberá ser o máis ampla posible, sen conter información innecesaria, medios ou soportes nos que constarán e a súa accesibilidade polo Parlamento. de 0 a 6 puntos.

Valoración da oferta presentada por empresa 1.

a) Descrición detallada do proceso de planificación, organización, procedementos e protocolos de actuación das operacións a realizar sobre os ascensores, sen facer referencia á xestión do elevador da tribuna do hemiciclo; tanto no mantemento preventivo como no correctivo aporta os programas de revisións e relata os procesos a seguir en cada unha das inspeccións mensuais para os ascensores do centro e a súa periodicidade; as operacións a desenvolver poderán ser de dous tipos, inspección visual (V) ou comprobacións, accionamentos, probas...(O). Aporta



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIXO DE RÉXIME INTERIOR

unha relación da estrutura de medios humanos definida de modo moi sinxela en relación con outras ofertas. Nomea ao responsables interlocutor-coordinador para cumprir as necesidades que require o servizo e expresa que o persoal recibe preparación constante mediante plans continuados de formación, contando con unha moi equilibrada disposición de medios materiais e auxiliares. En canto á descrición da dispoñibilidade de pezas e recambios, a parte de garantir a utilización de repostos orixinais e homologados, dispón dunha moi ampla cobertura para cubrir calquera eventualidade.

Este apartado cumpre de xeito medio o grao de esixencia para que as instalacións funcionen adecuadamente, outórganselle 7,5 puntos.

b) Dispón de sistemas técnicos moi cualificados para o seguimento e comunicación de incidencias ou avarías, con medios telefónicos e informáticos con cobertura perfectamente preparada para dar resposta permanente ás solicitudes de información ao cliente describindo o procedemento a seguir dende que se produce a incidencia ata a súa resolución definitiva.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para dar resposta ao seguimento das incidencias. Outórganselle 9 puntos.

c) Dispón de sistemas de control de seguimento da situación e revisión dos ascensores que nos aportan o grao de información necesario permitíndonos a consulta da mesma. Non obstante de xeito xenérico e sen concreción avaliable manifesta que a través da súa aplicación de servizo de mantemento onde se rexistran os datos pódense xerar informes que conteñan calquera información relativa ao mantemento e que o dito informe elaborárase en función das necesidades indicadas polo cliente; neste apartado, a descrición sobre os informes técnicos e medios ou soportes resulta bastante escasa para facer unha valoración adecuada.

Este apartado cumpre de xeito medio o grao de esixencia requirido para os informes técnicos de situación e revisión dos equipos. Outórganselle 4 puntos.

Valoración da oferta presentada por **empresa 2.**

a) Descrición rigorosamente detallada do proceso de planificación, organización, procedementos e protocolos de actuación das operacións a realizar sobre os ascensores e o elevador da tribuna do hemicycle, tanto no mantemento preventivo como no correctivo, aportando os programas de revisións coas súas frecuencias perfectamente sintetizadas. Aporta unha relación da estrutura de medios humanos ben documentada e definida e preparada mediante plans continuos de formación; nomea ao responsable interlocutor para cumprir con amplitude o grao das necesidades que requiren neste servizo, contando con unha moi equilibrada disposición de medios materiais e medios auxiliares. En canto á descrición da dispoñibilidade de pezas e recambios, a parte de garantir a utilización de repostos orixinais e homologados dispón dunha moi ampla cobertura para cubrir calquera eventualidade.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para que as instalacións funcionen adecuadamente, outórganselle 10 puntos.

b) Dispón de sistemas técnicos moi cualificados para o seguimento e comunicación de incidencias ou avarías, con medios telefónicos e informáticos con cobertura perfectamente preparada para dar resposta permanente ás solicitudes de información ao cliente describindo o procedemento a seguir dende que se produce a incidencia ata a súa resolución definitiva.



Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para dar resposta ao seguimento das incidencias. Outórganselle 9 puntos.

c) Dispón de sistemas de control e seguimento da situación e revisión das diferentes instalacións existentes que nos aportan un grao alto de información que nos permiten un acceso permanente; dita información será reflectida e entregada tanto en soporte dixital como en papel, obtendo coas

periodicidades definidas os informes precisos tanto técnicos como informativos das diferentes instalacións.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia requirido para os informes técnicos de situación e revisión dos equipos. Outórganselle 6 puntos.

Valoración da oferta presentada por empresa **empresa 3**.

a) Descrición amplamente detallada do proceso de planificación, organización, procedementos e protocolos de actuación das operacións a realizar sobre os ascensores e o elevador da tribuna do hemiciclo, tanto no mantemento preventivo como no correctivo, aportando os programas de revisións coas súas frecuencias perfectamente sintetizadas. Aporta unha relación da estrutura de medios humanos ben definida e preparada mediante plans continuos de formación; nomea ao responsable interlocutor para cumprir con amplitude as necesidades que require este servizo, contando con unha moi equilibrada disposición de medios materiais e medios auxiliares. En canto á descrición da dispoñibilidade de pezas e recambios, a parte de garantir a utilización de repostos orixinais e homologados dispón dunha moi ampla cobertura para cubrir calquera eventualidade.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para que as instalacións funcionen adecuadamente, outórganselle 10 puntos.

b) Dispón de sistemas técnicos moi cualificados para o seguimento e comunicación de incidencias ou avarías, con medios telefónicos e informáticos con cobertura perfectamente preparada para dar resposta permanente ás solicitudes de información ao cliente describindo o procedemento a seguir dende que se produce a incidencia ata a súa resolución definitiva.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para dar resposta ao seguimento das incidencias. Outórganselle 9 puntos.

c) Dispón de sistemas de control e seguimento da situación e revisión das diferentes instalacións existentes que nos aportan un grao alto de información que nos permiten un acceso permanente; dita información será reflectida e entregada tanto en soporte dixital como en papel, obtendo coas periodicidades definidas os informes precisos tanto técnicos como informativos das diferentes instalacións.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia requirido para os informes técnicos de situación e revisión dos equipos. Outórganselle 6 puntos.

Valoración da oferta presentada por **empresa 4**.

a) Presenta unha oferta bastante ben estruturada da descrición da planificación, organización e procedementos e protocolos de actuación das operacións a executar sobre os ascensores e o elevador da tribuna do hemiciclo facendo e concretando un prantexamento de servizo para cada instalación. Describe a secuencia, planificación e as operacións do mantemento



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIXO DE RÉXIME INTERIOR

preventivo de xeito detallado e o alcance do procedemento do mantemento correctivo, aportando os programas de revisión coas súas secuencias perfectamente referenciadas. Aporta unha relación da estrutura da compañía en medios humanos definida a nivel de delegación pero con escasa referencia a nivel local; nombra a un xestor de mantemento responsable directo para garantir un adecuado servizo. Para a súa capacidade e adaptación a novas realidades do mercado aposta por procesos de formación continuada que repercutirán na adaptación tecnolóxica e no desenvolvemento das persoas. En medios materiais dispón dunha relación moi equilibrada en medios materias e auxiliares para a execución deste servizo. En canto á descrición de pezas e recambios, a parte de garantir a utilización de repostos orixinais e homologados dispón dunha cobertura non tan ampla como a presentada por outras ofertas, pero suficiente para cubrir as eventualidades que se poidan dar durante a execución do servizo de mantemento.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para que a instalacións funcionen correctamente. Outórganselle 9 puntos.

b) Dispón de sistemas técnicos moi cualificados para o seguimento e comunicación de incidencias ou avarías, con medios telefónicos e informáticos con cobertura perfectamente preparada para dar resposta permanente ás solicitudes de información ao cliente describindo o procedemento para facer o adecuado seguimento das incidencias dende a súa comunicación ata a resolución definitiva.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia para dar resposta ao seguimento das incidencias. Outórganselle 9 puntos.

c) Dispón de sistemas de control e seguimento da situación e revisión das diferentes instalacións existentes que nos aportan un grao alto de información que nos permiten un acceso permanente; dita información será reflectida e entregada tanto en soporte dixital como en papel, obtendo coas periodicidades definidas os informes precisos tanto técnicos como informativos das diferentes instalacións.

Este apartado cumpre de xeito alto o grao de esixencia requirido para os informes técnicos de situación e revisión dos equipos. Outórganselle 6 puntos.

Asignación de puntuación:

	Criterio "a"	Criterio "b"	Criterio "c"
Empresa 1	7,50	9,00	4,00
Empresa 2	10,00	9,00	6,00
Empresa 3	10,00	9,00	6,00
Empresa 4	9,00	9,00	6,00

Posteriormente a Comisión negociadora procedeu á apertura dos sobres "C", e comprobou que non había ningunha ofertas incurso en baixa anormal ou desproporcionada. A continuación procedeu á asignación da puntuación conforme aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas.

Criterios de adxudicación:

a.- Prezo: de 0 a 40 puntos: Ponderaranse as ofertas de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación $i = 40 \times (\text{orz. licitación} - \text{Oferta } i / \text{orz. licitación} - \text{Oferta máis baixa})$





PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIXO DE RÉXIME INTERIOR

b.- Melloras medio ambientais e de eficiencia enerxética (sen custe adicional): ata 20 puntos. Valoraranse as seguintes melloras relacionadas co aforro enerxético e o funcionamento do ascensor.

c.- Compromiso de tempo, en horas, de substitución de pezas deterioradas, con outras de reposto, para a resolución de avarías, de 0 a 10 puntos.

d.- Tempo de resposta: de 0 a 5 puntos. Valoraranse as ofertas que rebaixen os tempos de resposta establecidos como máximos na cláusula cuarta do PPT.

Ofertas das empresas:

	a.- Prezo	b.- Melloras medio ambientais e de eficiencia enerxética				c.- Compromiso de tempo substitución de pezas deterioradas	d.- Tempo de resposta	
		Apagado automático das luces da cabina	Substitución alumeado por lámpadas led	Substitución alumeado focos por lámpadas led	Substitución de células fotoeléctricas por cortinas luminosas		urxencia	ordinaria
Empresa 1	4.560,00 €	5	5	5	5	4	20 m.	1 h.
Empresa 2	4.187,16 €	5	5	5	5	8	20 m.	1 h.
Empresa 3	4.440,00 €	5	5	5	5	12	20 m.	1 h.
Empresa 4	5.422,56 €	5	5	5	5	24	20 m.	1 h.

Asignación automática de puntuación:


	Criterio "a"	Criterio "b"				Criterio "c"	Criterio "d"	
Empresa 1	37,61	5,00	5,00	5,00	5,00	10,00	3,00	2,00
Empresa 2	40,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	3,00	2,00
Empresa 3	38,38	5,00	5,00	5,00	5,00	3,33	3,00	2,00
Empresa 4	32,08	5,00	5,00	5,00	5,00	1,67	3,00	2,00


Polo tanto, a **puntuación provisional total** obtida polas empresas concorrentes neste informe inicial de avaliación é a seguinte:

	Total puntuación provisional
Empresa 1	93,11
Empresa 2	95,00
Empresa 3	91,71
Empresa 4	82,75

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016.




F. Javier Freire González


Alfonso Couso Boán


José Ramón de la Fuente